

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 18 DE OUTUBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Anteproxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.
- Anteproxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da variante correspondente ao trazado antigo da estrada provincial LU-P-0707 de Armesto, por Torés, Ás Nogais, a prol do Concello de Becerreá.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración Institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día Europeo contra a Trata de Persoas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

e as organizacións non gobernamentais, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, Asamblea de Cooperación por la Paz e a Fundación Educación y Cooperación para a execución do proxecto 'Cooperación galega: o mundo que queremos 2018-2019', por un importe total de setenta e tres mil seiscentos noventa e un euros (73.691 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo de autorización para a sinatura de 54 acordos de financiamento do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural a asinar no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Cenlle para recuperación ambiental e posta en valor para uso público da marxe dereita do encoro de Castrelo, por importe total de cincocentos dezaseis mil cincocentos trinta e seis euros con vinte céntimos (516.536,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Piñor para a instalación dunha área de autocaravanas, por importe total de setenta e oito mil catrocentos setenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (78.474,55 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe resumo: Estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia.

OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2019 DISPOÑEN DE 9.850 MILLÓNS PARA IMPULSAR O CRECEMENTO CUN REFORZO DO GASTO SOCIAL, CON MÁIS INVESTIMENTOS E CON NOVAS BAIXADAS DE IMPOSTOS

- *O Goberno galego esgota o teito de gasto cunhas contas que medran un 3,8%, e que permitirán contar con 363 millóns de euros máis*
- *O gasto social medra en 270 millóns, con 200 máis para sanidade e educación*
- *O emprego seguirá sendo unha prioridade e por iso os fondos medran un 7% co obxectivo de crear uns 15.000 novos empregos a tempo completo*
- *O investimento crece un 5,3% para que Galicia siga estando entre as comunidades autónomas líderes en esforzo investidor*
- *Apróbanse novas baixadas de impostos para a compra de vivenda usada, nas herdanzas entre irmáns, máis bonificacións para fomentar a innovación e revertir a suba do Imposto de Patrimonio aprobada pola crise en 2013*
- *O salario dos empregados públicos aumentará un 2,4%, que se sumará aos acordos retributivos específicos xa aprobados*
- *No eido social, amplíase a cobertura da Tarxeta Benvida e auméntase a 24 semanas o permiso por maternidade, o maior de España*
- *A Xunta dá luz verde á baixada do 10% no recibo do canon de SOGAMA*
- *O único capítulo que baixa un ano máis é dos xuros da débeda, cun aforro de 190 millóns de euros en comparación con 2014*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade autónoma para o 2019, que establece un gasto de 9.850 millóns de euros, o que supón esgotar o teito de gasto aprobado polo Parlamento galego. A Xunta mantén así a senda de crecemento e incrementa o seu gasto en 363 millóns respecto a este ano, o que permitirán reforzar o gasto social, facer máis investimentos, impulsar a creación de emprego e aprobar novas baixadas impostos.

Os orzamentos do vindeiro ano conforman os cuartos presupostos expansivos consecutivos, posto que Galicia contará cun aumento de gasto do 3,8% en comparación cos orzamentos vixentes. Este volver ser o orzamento máis alto desde 2010, de xeito que Galicia disporá de 1.464 millóns de euros máis en relación ás contas de 2014 co obxectivo de fortalecer unhas contas públicas que en 2019 estarán centradas no crecemento, os servizos e as persoas.

Este incremento de recursos permitirá en primeiro lugar reforzar noutros 270 millóns de euros o gasto social, que concentra a maior parte do aumento do gasto no ano 2019. En concreto, sanidade e educación recibirán 203 millóns máis dos orzamentados neste exercicio, o que supón que estas dúas áreas prioritarias beneficiaranse de máis da metade -o 56%- do aumento da capacidade de gasto da Administración galega.

Entre as prioridades da Xunta tamén seguirá estando a creación de emprego e a mellora do mercado laboral galego. O obxectivo é crear no 2019 uns 15.000 novos postos de traballo a tempo completo, polo que o Goberno galego aumentará un 7%, o dobre que a media, os fondos destinados ao emprego, ata superar os 254 millóns de euros.

Políticas sociais

Nas contas mantense o impulso ás políticas sociais co obxectivo de acadar un crecemento integrado que permita que a recuperación económica chegue a todos os fogares. Para iso, a Xunta destinará 383 millóns á dependencia -14 máis que neste ano-, ampliando a cobertura da Tarxeta Benvida e aumentando os recursos da Risga ata os 64,4 millóns, ao medrar o importe por beneficiario e facelo compatible con ingresos por traballo.

Ademais, a Xunta de Galicia tamén deu luz verde nas súas contas á ampliación do permiso de maternidade a 24 semanas, polo que Galicia seguirá estando á cabeza de España na duración acumulada deste permiso. A Administración galega tamén reanudarán o abono do 100% das retribucións en caso de incapacidade temporal, medida acordada coas organizacións sindicais que permite retornar á situación previa á crise.

Máis investimentos e innovación

Os Orzamentos da Comunidade Autónoma para 2019 inclúen unha forte aposta polos investimentos e, de feito, os gastos de capital aumentan un 5,3%, ata chegar aos 1.652 millóns de euros e por riba do crecemento medio das contas. O obxectivo da Xunta é que Galicia continúe estando entre as comunidades que realizan un maior esforzo investidor, un indicador no que rematou o ano pasado en 3ª posición.

No eido da innovación, a Xunta volve apoiar a competitividade como medio para impulsar o crecemento económico. Así, incrementaranse un 14% os recursos para a innovación e aumentarán o apoio empresarial, ao tempo que as axudas ao investimento produtivo nas empresas medran un 15%, ata chegar a case 90 millóns de euros.

Ademais, reforzaranse as partidas para un sector clave como é o turismo, con 41,4 millóns de euros e cunha dotación específica para o Xacobeo 2021.

En canto ás infraestruturas, os Orzamentos para 2019 incrementan nun 260% os recursos orzamentarios para as estacións intermodais de Santiago, Vigo, Ourense e

Pontevedra, e tamén elevan un 29% os fondos destinados a actuacións de melloras para seguridade viaria.

Novas baixadas de impostos

Ademais do proxecto de Lei de Orzamentos para 2019, o Goberno galego tamén aprobou o proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, no que se inclúen novas baixadas de impostos e se manteñen todas as que xa están en vigor como a do IRPF, no Imposto sobre Sucesións e no programa de impostos cero no rural.

Entre as novidades figura unha rebaixa do 12,5% no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais (ITP) no caso de vivenda usada habitual, ao reducir o tipo do ITP do 8% ao 7%, o que sitúa Galicia no grupo de comunidades con menor tributación neste eido. A rebaixa será aínda maior -do 25%- no caso de que a adquisición a faga unha familia numerosa, un mozo menor de 36 anos ou persoas con discapacidade, posto que neste caso o tipo impositivo pasa do 4% ao 3%, o que fai que Galicia teña a tributación máis baixa de España.

Outra das baixadas fiscais aprobadas hoxe afecta ao Imposto sobre Sucesións e Doazóns, xa que Galicia incrementa de 8.000 a 16.000 euros o mínimo exento nas herdanzas entre irmáns. Unha vez en vigor este cambio, o 60% das herdanzas entre irmáns en Galicia quedarán libres de tributación, o que se suma ao 99% dos galegos que xa non pagan este imposto cando reciben unha herdanza dun descendente, ascendente ou cónxuxe.

Ademais, a Xunta reverte a suba do Imposto sobre o Patrimonio aprobada por mor da crise no ano 2013, de xeito que Galicia volve ter a mesma tributación que a que ten o Estado. E no eido da innovación, apróbanse novas deducións fiscais para incentivar a participación e o investimento en pemes innovadoras e iniciativas empresariais de base tecnolóxica, e tamén nas doazóns para investigación.

Sanidade e educación

No eido sanitario, Galicia volverá contar co maior orzamento sanitario da súa historia co obxectivo de reforzar unha sanidade pública e de calidade. Para iso, prevense novos investimentos en infraestruturas hospitalarias e rede de atención primaria, coma o Hospital Arquitecto Marcide, Hospital da Mariña, Gran Montecelo, Centro Integral de Saúde de Lugo (Novo Barrio da Residencia), Nova Facultade de Medicina en Santiago, a ampliación do Hospital Comarcal de Barbanza e o Plan Director do Hospital da Coruña.

Tamén no eido sanitario inclúense 33 millóns máis para farmacia hospitalaria e 11 millóns máis para farmacia extrahospitalaria, para reforzar a atención á cronicidade e ao envellecemento demográfico.

En canto á educación, a Xunta terá de novo como obxectivo primordial buscar un ensino óptimo e para iso impulsaranse obras de mellora e acondicionamento de centros educativos, como os investimentos en Novo Mesoiro (A Coruña), Lamas de Abade (Santiago), Sanxenxo, ou Sagrado Corazón (Lugo). Tamén se reforza o plurilingüismo con 4,3 millóns para auxiliares de conversa, e impúlsase a mellora das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM), con 2,6 millóns.

As universidades públicas galegas tamén disporán de máis recursos o vindeiro ano, xa que a súa dotación ascenderá ata os 433 millóns de euros, o que supón unha suba acumulada de 58 millóns de euros desde o ano 2014.

Apoio ao sector primario

O Goberno galego manterá en 2019 o seu compromiso co sector primario. Por iso, as contas da Xunta inclúen 29 millóns para reforzar o apoio á industria agroalimentaria, cinco deles para apoio ao sector do viño e case 24 para investimentos en instalacións industriais. En canto ao eido do mar, resérvanse 66 millóns para o programa de competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e de acuicultura, cun incremento do 5%.

Os Orzamentos tamén inclúen investimentos en espazos públicos que cumpren unha importante función e que terán compromisos concretos nas contas de 2019, como o Espazo Público AMIZAR na Coruña, o edificio administrativo Benito Corbal de Pontevedra, o Novo Barrio da Residencia en Lugo, o campus do Mar na ETEA, o novo San Caetano en Santiago, o novo edificio administrativo de Ourense ou os edificios xudiciais das cidades de Vigo, Pontevedra ou Tui.

Empregados públicos

A Xunta de Galicia prevé nos Orzamentos aplicar o vindeiro ano un incremento salarial do 2,4% para todos os seus empregados públicos, sendo 2019 o cuarto ano consecutivo no que se incrementan os seus soldos. Ademais, a esta suba do 2,4% engádense os distintos acordos retributivos acadados nos eidos sectoriais

Esta suba salarial do 2,4% aplicarase no momento en que a Administración galega conte con habilitación legal do Estado. En todo caso, a Xunta xa fai nestes Orzamentos a correspondente reserva de crédito –como xa fixo neste 2018-, o que permitirá aplicar a suba salarial sen realizar cambios normativos e coa maior axilidade posible.

Máis recursos para os concellos

O Goberno autonómico aumentará de novo en 2019 o esforzo no financiamento da Administración local ata acadar os 128,7 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local, cun incremento de 3,1 millóns. Ademais, a Xunta aumentará a dotación do fondo especial para o fomento das fusiões voluntarias entre concellos e respalda a aposta do municipalismo galego de colaborar na limpeza de franxas forestais como medida de prevención de incendios, con 10 millóns de euros anuais.

Ademais, o Orzamento da Xunta para 2019 xa inclúe unha baixada do 10% no canon de SOGAMA para os concellos que certifiquen o seu compromiso coa redución de residuos e o fomento da recollida selectiva, así como o traslado de dita rebaixa aos seus veciños.

Menos débeda e máis crecemento

Pola contra, o único capítulo de gasto que baixa nos Orzamentos da Xunta é o de xuros de débeda, que se reduce un 2,5% en comparación co exercicio vixente. A Xunta acada así un aforro de cinco millóns de euros, que ascende a 185 millóns en comparación co exercicio 2014, recursos que agora se poden dedicar a mellorar

En canto á actualización do cadro macroeconómico, o conselleiro explicou que a previsión de evolución do PIB para 2018 do 2,8%, e do 2,5% para 2019, polo que Galicia seguirá medrando máis que a economía española. En termos de emprego, a previsión é rebaixar unha décima a taxa de paro recollida nos orzamentos vixentes, ao pasar do 14,2% ao 14,1%, mentres que en 2019 seguirá baixando ata o 12,7%.

A XUNTA DE GALICIA APROBA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE BECERREÁ DUN TRAMO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL DE ARMESTO, POR TORÉS, ÁS NOGAIS

- *O Executivo autonómico autoriza o cambio de titularidade desta vía, que está a ser usada actualmente polos veciños de Armesto para o acceso ás súas explotacións*
- *Os cambios de titularidade deben ser aprobados por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e logo do acordo entre as administracións afectadas*
- *Coa transferencia, o Concello será o responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características*
- *A cesión desta vía ao municipio lugués formalizarase mediante sinatura da acta de entrega no prazo dos dous meses seguintes á publicación no DOG*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a transferencia a prol do Concello de Becerreá dun tramo antigo da estrada provincial de Armesto, por Torés, ás Nogais, que está dentro do termo municipal do municipio lugués.

O Concello de Becerreá solicitou á Deputación provincial de Lugo o cambio de titularidade deste tramo do trazado antigo da vía LU-P-0707, que aproba e acepta o cambio de titularidade e solicita pola súa vez á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o cambio de titularidade deste antigo treito, resultante do cambio de trazado da estrada provincial, e que actualmente está a ser usado polos veciños de Armesto para o acceso ás súas explotacións.

Á vista do informe do departamento de Infraestruturas da Xunta, o Executivo autonómico deu o visto e praxe ao decreto que aproba o cambio de titularidade desta vía. En concreto, do antigo tramo da estrada provincial, que ten unha lonxitude aproximada de 373 metros, e está situado na marxe esquerda da vía entre os seus actuais puntos quilométricos 0 + 226 e 0 + 340, no termo municipal de Becerreá.

A transferencia da titularidade permite ao Concello de Becerreá intervir sobre este treito de estrada, o que facilitará os seus labores de mantemento e favorecerá as tarefas da Administración local con respecto ás necesidades dos usuarios.

Co cambio de titularidade deste tramo, o Concello de Becerreá poderá actuar sobre os elementos que se transfiren, que pasan a ser de titularidade municipal, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como, por exemplo, as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns das zonas polas que discorre.

Os cambios de titularidade tramítanse de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberán ser aprobados mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como

órgano competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O procedemento establecido nesta lei permitiu axilizar este tipo de expedientes, que son beneficiosos para a Xunta ao non ter que explotar a totalidade da vía, e para o concello, xa que facilita a xestión e libera os cidadáns das cargas administrativas que supón a súa consideración como estrada autonómica.

A transferencia a prol da Administración local formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A XUNTA LANZA UNHA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL CONTRA A TRATA DE PERSOAS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

- *O Consello da Xunta aprobou unha declaración institucional contra esta lacra, con motivo da celebración hoxe do Día Europeo contra a Trata de Persoas*

A Xunta pon en marcha unha campaña de sensibilización social para seguir concienciando a sociedade na loita contra a trata de persoas con fins de explotación sexual. Baixo o lema “A trata con fins de explotación sexual denigra e destróza a vida das mulleres”, o Goberno galego distribuirá un total de 3.000 carteis.

Ademais, hoxe mesmo con motivo da celebración do Día Europeo contra a Trata de Persoas, o Consello da Xunta aprobou tamén unha declaración institucional na cal reafirma o compromiso da Administración autonómica coas vítimas desta violación dos dereitos humanos, que segue afectando especialmente as mulleres e as nenas.

Ademais da propia campaña de sensibilización e da declaración institucional, cómpre lembrar que nos últimos anos o Goberno galego vén lanzando diversas iniciativas para apoiar as vítimas de trata.

Así, por exemplo, desde 2010 a Xunta e a Fiscalía Superior de Galicia acordaron un protocolo de cara á adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento das mulleres vítimas de trata.

Galicia tamén aprobou a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para poder ampliar os dereitos destas persoas. Grazas a isto, as mulleres afectadas pola trata poden ser beneficiarias das axudas económicas previstas anualmente para as vítimas de violencia de xénero, e Galicia é a única Comunidade Autónoma en ter regulada unha axuda económica específica e periódica para estes casos.

Tamén no eido da atención, a Xunta convoca anualmente unha orde de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención integral para as vítimas por importe de 484.000 euros. Inclúense medidas como a atención inicial nos chamamentos realizados por autoridades competentes, asesoramento social e apoio directo, atención psicolóxica ou asesoramento xurídico e laboral.

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CON 4 ONGD PARA CONTINUAR POR SEXTO ANO O PROXECTO 'COOPERACIÓN GALEGA: O MUNDO QUE QUEREMOS'

- *A Vicepresidencia da Xunta asinará o convenio coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, Asemblea de Cooperación pola Paz, e Fundación Educación e Cooperación*
- *Este convenio pretende dar cumprimento aos compromisos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia- SIG, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios- AGARESO, Asemblea de Cooperación por la Paz-ACPP e Fundación Educación y Cooperación- EDUCO para a execución do proxecto 'Cooperación galega: o mundo que queremos 2018- 2019'. Nesta edición conta cun orzamento de preto de 74.000 euros.

A través deste acordo, a Vicepresidencia colaborará na execución da sexta edición do proxecto, que se desenvolve no marco do Plan Proxecta, unha iniciativa de innovación educativa que pretende facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos. O proxecto ten como obxectivo o fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade da construción na xustiza social.

Este convenio pretende dar cumprimento aos compromisos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, aprobado polo Parlamento de Galicia o pasado 22 de xuño de 2018, e ao Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2018 aprobado polo Consello da Xunta o 3 de maio de 2018, en especial no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Antecedentes

A primeira edición de 'Cooperación galega: o mundo que queremos' levouse a cabo no curso 2013-2014, en cinco centros de educación secundaria que foron seleccionados entre os solicitantes da convocatoria anual do Plan Proxecta. Dado o éxito desta iniciativa piloto, que foi financiado no marco da convocatoria anual de axudas a proxectos de educación para o desenvolvemento, decidiuse darlle continuidade a través da formalización de convenios de colaboración.

Este ano porase en marcha a sexta edición (2018- 2019) deste proxecto que desenvolven catro ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento. Ao longo destes anos traballouse co profesorado e alumnado dun total de trinta e un centros de educación secundaria, afondando nas desigualdades sociais existentes e as causas que as perpetúan, con especial atención á realidade dos países empobrecidos nos cales traballa a cooperación galega.

UN TOTAL DE 35 CONCELLOS RECIBIRÁN AXUDAS PARA ACCIÓNS EN ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL POR UN IMPORTE GLOBAL DE 18 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de 54 convenios de colaboración para a execución dos traballos*
- *Con este paso, a Consellería de Medio Ambiente e os concellos solicitantes poden asinar o convenio que permite a execución das obras*
- *Os fondos da convocatoria actual elévanse en 5,4 millóns de euros respecto da anterior*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a sinatura de 54 convenios de colaboración entre o IGVS e 35 concellos galegos para o desenvolvemento de accións en diversas áreas de rehabilitación integral. O importe global da totalidade dos convenios ascende a case 18 millóns de euros, o que supón un incremento de máis dun 43 por cento respecto aos 12,5 millóns de euros repartidos entre as ARI en outubro de 2017.

Con esta autorización, avánzase o paso definitivo para a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o concello solicitante, que permite o inicio dos traballos de rehabilitación en vivendas e espazos públicos naqueles concellos que, tendo unha ou máis ARI declaradas, solicitaron as axudas despois de que a Xunta abrise o prazo de solicitude o pasado 17 de agosto.

As áreas de rehabilitación son unha peza fundamental na política de vivenda deseñada pola Xunta, tal e como demostran as 69 áreas de rehabilitación declaradas en 41 concellos de Galicia actualmente, que se elevan a 107 concellos se se suman as áreas dos Camiños de Santiago, é dicir, máis do 40% dos concellos galegos contan polo menos cunha área de rehabilitación.

Así mesmo, a rehabilitación é un dos piares fundamentais sobre os cales se asenta a política do Goberno galego en materia de vivenda, porque permite recuperar e mellorar o xa construído, xerar un número de postos de traballo significativamente superior á nova construción de vivendas e reduce a presión urbanizadora sobre o contorno.

Estes fondos permitirán sumar novas iniciativas e incrementar o parque de vivendas en que se actuou, que ascende a máis de 12.000 desde a creación das áreas integrais, co fin de que as galegas e os galegos acaden as mellores condicións de vida nunhas vilas e cidades coidadas e humanizadas.

Gastos financiáveis

As actuacións en áreas de rehabilitación integral teñen por obxecto o financiamento da realización das seguintes actuacións:

- Execución conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares. Inclúense, ademais, as actuacións previstas para os programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas e de fomento da conservación, mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas.
- Execución de obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos.
- A execución de obras de demolición e edificación de vivendas de nova construción.
- O custo do realoxo temporal de ocupantes da súa vivenda habitual, froito das actuacións que se realizan.
- Os gastos de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión municipais.

Unha vez asinados os convenios cos correspondentes concellos, serán estes os encargados de realizar a convocatoria para que os propietarios de vivendas e edificios de vivendas interesados nelas poidan solicitálas.

No caso de concellos nos que existe máis dunha área de rehabilitación, a repartición de fondos entre eles foi realizado polo propios concellos.

REPARTICIÓN DE FONDOS ENTRE OS 35 CONCELLOS E ARI^s ÁS QUE CORRESPONDEN

CONCELLO	ÁREA	TOTAL €
A Coruña	Grupo de vivendas María Pita en Labañou	2.036.996,88
	Grupo de vivendas O Ventorrillo. Casas de Franco	
	Cidade Vella e A Peixaría	
Betanzos	Conxunto histórico de Betanzos e a súa zona de protección	431.581,23
Corcubiión	Núcleo histórico de Corcubiión	229.165,19

Ferrol	Barrios históricos da Madalena e Ferrol Vello	2.546.622,93
	Barrio da Graña	
	Barrio Esteiro Vello	
	Barrio de Recimil	
Mugardos	Núcleos de Mugardos e O Seixo	113.289,85
Muros	Núcleo histórico de Muros	104.849,66
Noia	Núcleo histórico de Noia	58.332,85
Padrón	Casco urbano Histórico de Padrón	134.093,23
Rianxo	Rianxo, Rianxiño e A Fincheira	48.930,95
Santiago de Compostela	Núcleo histórico Santiago Compostela	2.687.250,00
	Grupos de vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios do Barrio de Pontepedriña	
	Polígono de Vista Alegre	
	Barrio de Vite	
Lourenzá	Zona antiga de Lourenzá e zonas de respecto	94.832,04
Lugo	Núcleo histórico de Lugo	322.798,10
Mondoñedo	Casco histórico de Mondoñedo e Barrios históricos de S. Lázaro e Os Muíños	207.834,58
Monforte de Lemos	Conxunto histórico e zonas de respecto no concello de Monforte de Lemos	186.159,37
Quiroga	Núcleo urbano de Quiroga	200.157,48
Ribadeo	Núcleo histórico de Vila de Ribadeo	504.827,56
	Núcleo de Rinlo	
Sarria	Zona Antiga de Sarria	39.748,08

Sober	Concello rural de Sober	109.050,00
Vilalba	Zona antiga e zona ampliada de Vilalba	32.000,00
Viveiro	Núcleo histórico de Viveiro	158.725,53
Castro Caldelas	Centro histórico de Castro Caldelas	32.000,00
Celanova	Contorno do Mosteiro de S. Salvador de Celanova e do burgo medieval de Vilanova dos Infantes	92.091,62
Ourense	Núcleo histórico de Ourense	1.690.573,91
	Núcleo de Seixalbo	
	O Polvorín, As Camelias e A Carballeira	
	Barrios Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada	
Ribadavia	Núcleo histórico de Ribadavia	154.180,71
	C.A. San Cristovo de Ribadavia	
Vilar de Santos	Núcleo de Vilar de Santos	32.000,00
Xunqueira de Ambía	Conxunto histórico de Xunqueira de Ambía	32.098,66
Caldas de Reis	Núcleo de San Tomé	324.181,44
Cambados	Conxunto histórico de Cambados	166.309,27
Cangas	Zona antiga e zona ampliada de Cangas	512.259,24
Marín	Zona vella e Barrio da Banda do Río Lameira	594.809,61
Poio	Conxunto histórico-artístico de Combarro	343.184,38
Pontevedra	Conxunto histórico de Pontevedra	843.905,45
	Núcleo de Estribela	

Tui	Núcleo histórico de Tui	130.658,46
Vigo	Parte vella de Vigo	2.554.505,17
	Núcleo histórico de Bouzas	
	Grupo de casas Santa Clara. Cabral	
	Rúas Bueu-Moaña, polígono Coia	
Vilagarcía de Arousa	Núcleo do Carril	164.996,56
	Núcleo de Vilaxoán	
	Zona vella de Vilagarcía de Arousa	
TOTAL GALICIA		17.915.000,00

Ademais dos preto de 18 millóns de euros da repartición de 2018, os concellos dispoñen para as súas áreas de rehabilitación integral de máis de 7 millóns de euros pendentes de xustificar e correspondentes aos convenios asinados en 2015 e máis de 12,5 millóns de euros, tamén pendentes de xustificar, correspondentes aos convenios asinados en 2017, polo que a contía total ascende a preto de 38 millóns de euros destinados a actuacións en áreas de rehabilitación integral.

A RECUPERACIÓN AMBIENTAL DO ENCORO DE CASTRELO DE MIÑO EN CENLLE PERMITIRÁ O SEU IMPULSO TURÍSTICO SUSTENTABLE

- *O Consello da Xunta autoriza un convenio entre Cultura e Turismo e o Concello de Cenlle que permitirá a mellora deste espazo natural*
- *Realizaranse accións desde o punto de vista funcional, incidindo na accesibilidade e a seguridade, e desde o punto de vista paisaxístico*

Co fin de seguir mellorando os recursos turísticos naturais da Comunidade, a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Cenlle impulsan o proxecto de recuperación ambiental e senda peonil na marxe dereita do encoro de Castrelo de Miño. O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre ambas as institucións, cun investimento de máis de 500.000 euros durante tres exercicios, que permitirá a execución deste proxecto na provincia de Ourense.

A mellora do perímetro do encoro persegue unha dobre misión: desde o punto de vista funcional, recuperar ambientalmente este espazo degradado e mellorar o seu acceso; desde o punto de vista paisaxístico, a remodelación do contorno para facelo máis atractivo e fomentar o seu enfoque turístico.

As actuacións desenvolveranse na marxe dereita do encoro de Castrelo de Miño nas proximidades de Razamonde, na comarca ourensá do Ribeiro. Entre as accións previstas, está a mellora dos accesos, a recuperación ambiental do contorno, a optimización da seguridade para os peóns e vehículos no cruzamento coa vía de tren Ourense-Vigo e a continuidade e a creación de distintos paseos.

Estas accións contribuirán a potenciar o turismo na zona, atraendo visitantes que poidan practicar deporte en plena natureza á vez que gozar de dúas das súas singularidades, ambas de gran valor engadido, termalismo e enoturismo.

Turismo á alza no interior

A desestacionalización da demanda turística, a especialización da oferta e a diversificación de fluxos polo territorio son tres dos principais obxectivos da política turística da Xunta, plasmada na Estratexia do Turismo de Galicia 2020, o documento consensuado entre o Goberno galego e o sector e que propón un modelo de turismo responsable, baseado na calidade e a autenticidade.

Este convenio alíñase con eses obxectivos, ao potenciar unha comarca do interior de Galicia, apostando polo turismo de natureza e polo deportivo, unha tipoloxía que contribúe á repartición de visitantes ao longo de todo o ano.

Galicia é cada día máis un destino diversificado con atractivos turísticos repartidos por toda a xeografía galega. Isto ten unha repercusión nas cifras de viaxeiros, pois precisamente este ano Ourense está a ser a provincia con mellor evolución. Ata agosto recibiu xa 253.276 turistas, o que supón un 5% máis que o ano anterior. Estes turistas realizaron 481.965 noites, é dicir, case un 2% máis que en 2017. A subida é ademais moi notable no turismo rural, onde a provincia de Ourense medrou un 21% desde xaneiro ata agosto.

O CONCELLO OURENSÁN DE PIÑOR CONTARÁ CUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS PARA DINAMIZAR O TURISMO DE INTERIOR

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio en virtude do cal se dotará desta nova infraestrutura turística esta localidade do Ribeiro*
- *O Goberno autonómico afonda así na súa aposta por consolidar a Comunidade galega como un destino cada vez máis diversificado*

O concello ourensán de Piñor contará cunha área de autocaravanas ao abeiro dun convenio de colaboración que asinará coa Consellería de Cultura e Turismo ao cal o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe e que suporá un impulso para dinamizar o turismo de interior na Comunidade galega.

Ao abeiro deste acordo, instalárase esta área de autocaravanas no Monte dos Cestos, unha zona especialmente adecuada para esta infraestrutura pola súa localización xeográfica estratéxica que permitirá, ademais de dar servizo a esta comarca ourensá, tamén á zona central de Galicia.

Alí, habilitárase un espazo para carga e descarga dos depósitos das autocaravanas e dispórase dun lugar de estacionamento, poñendo así en valor este concello ourensán e o xeodestino do Ribeiro-O Carballiño, co atractivo que implica dotalo dun servizo con estas características.

A súa instalación será unha oportunidade para reforzar a actividade económica do interior da provincia de Ourense a través da actividade turística. A parcela está nun dos núcleos con máis poboación e actividade da zona, próximo á Vía da Prata e que dispón de varios locais de hostalaría e comercio.

Ao abeiro deste convenio, os viaxeiros disporán dunha zona totalmente habilitada para as autocaravanas, dando resposta así ás accións incluídas na Estratexia do turismo de Galicia 2020 que inclúe, especialmente para o interior e o rural iniciativas como a captación de turismo itinerante nos cámpings, así como a adecuación de infraestruturas para recibir as autocaravanas.

A Estratexia do Turismo de Galicia 2020 inclúe entre as súas accións o impulso deste turismo itinerante aproveitando a actualización da normativa sobre campamentos de turismo na cal o Goberno autonómico está a traballar.

Con este acordo, a Consellería de Cultura e Turismo continúa afondando na súa aposta por consolidar a Comunidade como un destino diversificado que é quen de ofrecer atractivos singulares e repartidos por toda a xeografía galega.

A XUNTA DE GALICIA SENTA AS BASES PARA A ELABORACIÓN DUN FUTURO PLAN DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR

- *O Consello da Xunta analizou un estudo sobre a situación deste grupo de poboación elaborado en colaboración con Cruz Vermella.*
- *O plan tomará como referencia o dito estudo e terá un enfoque preventivo, implicará todas as Administracións e entidades de iniciativa social, contará con recursos orzamentarios para o seu desenvolvemento e estará centrado no acceso á vivenda*

O Consello da Xunta analizou hoxe o Estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia co obxectivo de paliar as consecuencias da exclusión social, un documento que servirá como base para a elaboración do futuro Plan de atención ás persoas sen fogar, que se aprobará no primeiro trimestre do 2019. O informe baseouse en 204 enquisas elaboradas por voluntarios e traballadores de Cruz Vermella a persoas que están na dita situación, así como nunha base de datos da entidade, que revela que en 2017 atendeu na nosa comunidade 1.263 persoas sen fogar.

Segundo a última enquisa de persoas sen fogar do Instituto Nacional de Estatística, nos concellos galegos de máis de 20.000 habitantes hai 1,3 persoas sen fogar por cada 1000 veciños. Esta cifra inclúe persoas usuarias de albergues ou doutros recursos sociais e persoas que viven na rúa. No que respecta ao perfil das persoas sen fogar, teñen unha idade media de 45 anos, preto do 85% son homes e dúas terceiras partes teñen nacionalidade española. Nove de cada dez están en situación de desemprego e preto do 70% leva máis de tres anos na rúa.

Así mesmo, o estudo fai fincapé na situación de inseguridade e desprotección que declaran vivir as persoas sen fogar: máis do 46% foron vítimas dalgún delito e deles só o 69% denunciou os feitos ante a Policía.

O estudo tamén analiza os factores que desencadean esta situación, como a desestruturación familiar, as adiccións ou trastornos mentais, o illamento social, o desemprego prolongado, o descoñecemento do idioma ou carecer de documentación.

Futuras liñas de actuación

O traballo dos profesionais e as respostas dos participantes nas enquisas permitiu identificar as liñas de actuación que cómpre seguir para paliar a exclusión social, como promover a coordinación entre Administracións e entidades, adaptar os servizos, prestacións e recursos de inclusión aos requisitos das persoas que poden acceder a eles e sensibilizar a sociedade. Así mesmo, resulta prioritario ampliar a oferta de vivenda social, mellorar a atención sanitaria a estes colectivos, facilitar o acceso ao

mercado laboral e axudar a poboación estranxeira a superar as barreiras en materia sanitaria, administrativa ou lingüística.

En virtude da información obtida a través deste estudo, a Xunta elaborará un Plan de atención ás persoas sen fogar, enmarcado na Estratexia de inclusión social de Galicia e desenvolverase no período 2019-2023. Este plan terá un enfoque preventivo, implicará todas as administracións e entidades de iniciativa social, estará orientado ás persoas e terá en conta a perspectiva de xénero. Ademais, contará con recursos orzamentarios para o seu desenvolvemento e estará centrado no acceso á vivenda.